

MÚSICA

1.- A música como linguaxe e como medio de expresión. Valor formativo da música. Percepción e expresión. Importancia da educación musical na Educación Primaria. O currículo de educación musical na concreción de unidades didácticas globalizadas.

2.- A melodía na educación musical. Intervalo, liña melódica, frase melódica. Recoñecemento da melodía. Tonalidade, modalidade e transporte de cancións. Harmonización de cancións e de obras instrumentais. Recursos didácticos para traballar na aula.

3.- A modulación. Procedementos e exemplo da súa mecánica. Función expresiva. Recursos didácticos para traballar na aula.

4.- A harmonía na educación musical. Acorde, tipos de acorde, inversións. A súa orixe. Cadencias principias. Recursos didácticos para traballar na aula.

5.- A textura: tipos. A textura na instrumentación de cancións e en obras musicais. A forma. Análise formal de cancións. Principias formas musicais.

6.- A educación musical a través do ritmo. Ritmo libre, rítmico e métrico. Ritmo e linguaxe. Ritmo e movemento. Ritmo e execución instrumental. Polirritmia. Pequenas formas rítmicas: análise e improvisación. Intervención educativa.

7.- Correntes pedagóxico-musicais do século XX. Análise e proxección das mesmas na educación musical escolar.

8.- A música como parte do desenvolvemento integral do rapaz. Fundamentos psicopedagóxicos da educación musical. Desenvolvemento musical e ensinanza da música.

9.- A actividade musical na educación psicomotriz: coordinación xeral e praxe, alteracións de esquema e axuste corporal, trastornos da orientación temporal-espacial. Aportacións interdisciplinarias ó eido da educación psicomotriz, tomando como base a actividade musical.

10.- A actividade musical como compensadora das desigualdades educativas. Principios básicos de intervención. A educación musical no ámbito das deficiencias auditivas. Técnicas de sensibilización vibrátil. Estimulación e resposta. Aportacións interdisciplinares para traballa-las desigualdades educativas partindo da actividade musical.

11.- Funcionalidade da lectura e escritura musical. Representación gráficas e xestuais non convencionais. Grafías convencionais. Obxectivos, contidos e recursos didácticos.

12.- O xogo como actividade de ensino e aprendizaxe na educación musical. Criterios de clasificación e selección de repertorio. Aportacións e posibilidades do xogo nas actividades que se relacionan coa educación vocal, instrumental e de movemento e danza.

13.- O corpo e o movemento como medios de expresión musical. A relaxación: técnicas necesarias para a actividade musical vocal, instrumental e de movemento. A danza na educación musical.

14.- A improvisación como forma de expresión musical libre e espontánea. A improvisación como procedemento compositivo. Recursos didácticos para a produción musical na aula. Creatividade e improvisación.

15.- A canción e a súa influencia no proceso educativo musical. As intencións comunicativas do canto. O canto coral nos distintos ciclos educativos: canto monofónico, homofónico e polifónico. Criterios de selección do repertorio escolar. Metodoloxía e recursos didácticos no proceso de ensinanza e aprendizaxe duna canción. Principios básicos da dirección coral.

16.- A dramatización como xogo musical coordinador dos distintos tipos de expresión. Dramatización de cancións infantís e populares. Criterios para a selección de cancións dramatizables. Participación e improvisación instrumental na dramatización.

17.- O desenvolvemento da voz como instrumento de expresión musical. Metodoloxía e recursos didácticos da técnica vocal: respiración, articulación, entoación, resonancia. A tesitura vocal en Educación Primaria. A voz do profesor de música: importancia do seu coidado e mantemento.

18.- Os instrumentos musicais escolares. Familias de instrumentos. O corpo como instrumento. Agrupacións instrumentais. Instrumentos da música actual. Instrumentos de construción propia. Uso da electrónica e informática musical.

19.- A práctica instrumental. Criterios de selección e sistematización do repertorio instrumental en Educación Primaria. Obxectivos e contidos da actividade instrumental na aula. Metodoloxía e recursos didácticos no proceso de ensino e aprendizaxe duna peza instrumental.

20.- A discriminación auditiva. Recursos didácticos de exploración e investigación sonora. O desenvolvemento da percepción auditiva: altura, duración, intensidade, timbre e forma. Técnicas e métodos.

21.- A audición musical: a súa didáctica. Desenvolvemento da comprensión auditiva en Primaria. Obxectivos, contidos e actividades. Programación de audicións para o alumnado de Educación Primaria.

22.- Socioloxía da música. Relación música-sociedade. Función social da música. O entorno socio-cultural e a súa influencia no desenvolvemento da sensibilidade musical. A música no mundo de hoxe. Música e consumo. Aportacións e posibilidades dos medios audiovisuais no desenvolvemento da percepción e apreciación musical.

23.- Grandes períodos da historia da música: desde as orixes ata o Barroco. Características xerais. Selección de fragmentos musicais para o alumnado de Educación Primaria.

24.- Grandes períodos da historia da música: a música no Clasicismo, no Romanticismo e no século XX. Características xerais. Selección de fragmentos musicais para o alumnado de Educación Primaria.

25.- A música como expresión cultural dos pobos. A música étnica. O folclore e as súas aplicacións didácticas. Selección de fragmentos musicais para o alumnado de Educación Primaria.